

Alxén, 13 de marzo de 2023

Na tarde de Nadal de 2022 Big Foot escapou do ratón porlanxín chamado Batatouille nun monopatin de unicornio.

Big Foot chegou a Salvaterra. Foi a unha tenda de lambetadas e fixo un fermoso bikini coas lambetadas de moitas cores.

Decidiu ir as piscinas de Salvaterra para facer a súa prenda. A piscina estaba chea de agasallos. Sen querer, o noso aventureiro deu cos agasallos roubados!

Big foot saltou de cabeza e perdeu o bikini.

OMONO QUE COMPRA 50 ROSQUILLAS

Mono que camiña por Salvaterra de Miño
para comprar doces.

Un mono colle un avión


e aterrizo no aeroporto
de Vigo, o xoves pola mañá
2 de marzo.

Decide coller un taxi para
ir a Salvaterra de Miño.

Entroulle tanta fame que observou
como unhas persoas dirixíanse
a un supermercado. Acercouse
a eles para preguntarlles de
comprarlle comida. Tíña vergoña
pero colleu confianza e díxolles:
-Onde hai unha panadería?

Ao principio, as persoas quedaron
abraiadas pero pronto respond
-deron:

-Na rúa Galiza chamada




parada.

Entra na panadería e ve
unhas rosquillas que teñen
bon pinta e pide 1. Praba
e proba ata pedir 50 en total.

A xente ao redor queda moi
sorrpreendida porque de repente
o mono comeza a bailar.

Despois pagou e marchou.



Os nenos e as nenas de 2º de Primaria puñéronse moi contentos. Como agradecemento, regaláronlle un likini de verdade de cor vermella e azul. Big Foot era moi feliz e ademais estaba fermoso!
A realidade é máis rica que a fantasía!

Reporteiros e reporteras:

Os Magos e as Magas
do saber

Ilustradores


Sergio, Mauro, Aroa Lois,
Sara, Martín, Xiana,
Mateo R, Alvaro

PRAGA DE COELLOS ASASINOS

Praga de coellos asasinos mutantes atacan Alxén.

6º Primaria/Alxén

Unha praga de coellos asasinos arrasa o pobo de Alxén . Isto debeuse a que unha veciña chamada Saladina tiña unhas crías de coellos, o seu marido chamado Tino foi a darlles de comer e tiña acabado de dar sulfato as viñas de Leirado. A máquina sulfatadora case baleira pero aínda cun



The (Night of Lepus)

pouquiño de líquido dentro. E coa mala sorte de que cáelle enriba aos coelliños o líquido que quedaba. Ao día seguinte foi a velos. Non estaban. A súa casiña estaba destruída.

Detrás había un rastro de líquido verde. Seguino ata chegar a cociña, a porta estaba aberta e dentro os coellos comendo a Saladina, despois

botáronse enriba do pobre home ata matalo. Por último marcharon a arrasar o pequeno pobo de Alxén .


Un mono alcohólico mata un home

Un mono alcohólico mata un home e feriu a outros 250 na India.


6º Primaria/Alxén

No zoológico de Kanpur (India) o mono nun brote de ira mata a un home e fire, por non poder saciar a adicción.

Decenas de persoas, entre elas moitos nenos, precisan de cirurxía plástica despois de que o animal lles abriu a cara.




T. R. Shankar Raman / WIKIPEDIA



ANDORRA CONQUISTA FRANCIA


DESPOIS DE MOITOS RUMORES ANDORRA CONQUISTA FRANCIA

6º Primaria/Alxén
Despois dun tempo de guerra, grazas ós creadores de contido de fala hispana uníronse para facer un vídeo cada un dos 36 creadores de contido que viven en Andorra, neste caso cada vídeo dos creadores de contido tivo máis de 10 millóns de visualizacións. Cada vídeo facendo que 360.000.000 persoas viran o vídeo e que apoien a Andorra e que o gobernador de Francia se poña máis nervioso, Así que simplemente fixo unha votación para ver quen quere que Andorra conquiste Francia as votacións van por agora 40% que Francia conquiste Francia, por agora Francia salouse.



PIXABAY, FOTO DE ANDORRA ANTES DE SER CONQUISTADA.
Shutterstock, GRAFICAS DAS VOTACIÓNS.

Quedaban nada máis e nada menos que 1 millón de persoas para votar e parece que estas persoas para votar e xusto esas persoas votaron a favor de Andorra, e grazas a iso as votacións oficiais quedaron 56% que Andorra conquiste Francia e 44% que non conquiste Francia.



Encontrase un vello avión tu-95

Encontrase no radar aéreo un avión tu-95 desaparecido no ano 1948.

6º

Primaria/Almacén
Encontrase no radar aéreo de Florida un avión tu-95 escoltado por un escuadrón de mig-29. O estraño disto e que no radar aéreo de Porto Rico o 18 de marzo de 1948 perdeuse de sinal estes avións xusto no triángulo das Bermudas. No día que saíu publicado este titular fai 2 horas que este avión aterrozou no aeroporto de Madrid Barajas. Estase estudiando como durou tantos anos de voo pero polas probas que se encontraron hai unha hipóteses sobre un viaxe no tempo.




Foto sacada por **Dario Leone**

Pero ten varios contras xa que este avión estaba a punto de caer polo desgaste de pezas e a falta de combustible. No 1948 xa houbo unha intensa busca por aquel avión xa que neses tempos era o único e o máis cotizado.

Fixeron dúas buscas unha aérea e outra baixo o mar, non se encontrou nada, pero o peculiar disto e que na busca baixo o mar encontraronse pezas que na inspección estaban. Tamén hai outra hipóteses sobre un secuestro aéreo. xa que na ultima pista onde desapareceu

Xa que na última pista onde desapareceu foi un avión terrorista. Os investigadores priorizan esta teoría. Ata aquí e toda a información que temos.

Feito por Xavi Gándara.

“MORTE MISTERIOSA NA FAMILIA GUTIERREZ”

Un espírito ou asasino en serie cóase na casa da familia Gutierrez , ocasionando mortes prexudiciai.

6º

Primaria/Alxén
Na casa da

familia Gutierrez
cóase o asasino

“BUM CHIS
CLAB” despois de

que a máis

pequena da

familia fixese o

“xogo do BUM

CHIS CLAB” tras

ver nas noticias

que se xogas

morres. Ela non

o creu, mais ao

día seguinte

cando espertou e

chamou á súa nai

para almorzar

non contestou.

Chamouna varias

veces, e seguiu

sen



Foto de gogle por Aixa s. e Xiana.

Contestar. Cando
empezou a
estrañarse foi ao seu
cuarto, e o que
atopou foi o cadáver
da súa nai e o seu
pai. Chorou, chorou
e chorou. Logo foi a
avisar ao seu irmán,
mais só

atopou o seu corpo, a
alma estaba totalmente
morta. Ela foi a pensar
ao seu cuarto o que
pasara. Despois dun
tempo exclamou “BUM
CHIS CLAB!” El
apareceu de

Debaixo da súa
cama, e díxolle”
chamáchesme,
non?” dende aquel
día nos se volveu a
ver nin a escoitar a
BUM CHIS CLAB.

PRIMEIRO CASO DE ZOMBIE EN ESPAÑA

Atópase o primeiro caso de zombies do mundo e en España.

6º Primaria/Alxén

Onte día nove de marzo do 2023, atopouse o primeiro caso de zombis de toda a historia en Madrid, concretamente na cidade de San Sebastián de los Reyes.

A muller que pasou a este estado era unha avogada de 28 anos chamada Alba García López.

Todos os científicos de España e parte de Europa están a investigar esta situación e por agora están case todos de acordo en algo: todo isto está ocasionado debido a un novo virus moi contaxioso tanto por contacto físico con persoas que o sofren como por respiración ao



A paciente n.º 0 de esta nova terrible enfermidade.: A zombina.

que lle puxeron o nome de Zombina. Os científicos que estudan esta nova situación aseguran que en cuestión de minutos o número de zombis multiplícase e que se non facemos algo por evitar o contaxio só se necesitarían 3 meses para que toda a poboación da Terra se infectase por Zombina. Debido a isto, todos os presidentes de todos os países do mundo reuníronse

fai unhas horas para atopar a solución. O que decidiron e que ao igual que coa última pandemia (O Covid-19) todos os habitantes dos países deberán facer confinamento e non saír das súas casas. Pero esta vez a un nivel extremo xa que non se poderá saír para NADA. Nin sequera para facer a compra, para alimentarnos teremos que cultivar os nosos propios alimentos nos nosos xardíns.

Ademais tamén decidiron que todos os infectados encerraranse nun lugar para que non infecten a máis Persoas. Serán encerrados nun campo de concentración na capital de cada país. Aproximadamente estaremos uns 3 anos en confinamento para maior seguridade e unha vez exterminados todos o zombis do planeta, volveremos á normalidade.

Boa sorte escapando de todos os zombis.

ENTRAN A ROUBAR NO CEP CARLOS CASARES

ENTRAN A ROUBAR O PAVILLÓN AO CEP CARLOS CASARES.

6º Primaria/Alxén

Unha persoa entra no CEP Carlos Casares a roubar o pavillón, foi un luns 10. Os nenos terminaron o colexio e marcharon as súas casas, e a o día seguinte o pavillón xa non estaba. A policía di que foi unha persoa tapada de arriba a baixo cunha capa de cor negra. Están buscando as pegadas do criminal, hai dos sospeitoso, os cales foron a comisaría e foron investigados pola xefa. O martes da seguinte semana os sospeitosos iran ao xuíz, segundo o goberno, din que o ladrón roubou o pavillón cunha maleta dun neno de sexto chamado Pinki Winki.



Pavillón google

O primeiro sospeitoso e Marujo: un rapaz de 24 anos e ten antecedentes penais por roubar unha casa. El e o electricista do colexio e a hora do roubo non estaba a traballar, el di que estaba no baño.

O segundo sospeitoso e Xavi L: e un rapaz de 11 ano do colexio que vai o comedor el sempre dicía que odiaba o fútbol e no pavillón se xogaba sempre a iso.

Onte pola tarde o xuíz declarou cadea perpetua a Xavi Lemos Giráldez. Na súa defensa di que si lle gusta o fútbol.

NOTICIA

LUNS, 10 DE MARZO 2023

Aparecen pingüíns en catar

Aparecen pingüíns en Catar, esta noticia volveuse tendencia en todo o mundo

A voz de Hugo

Noticia de última hora.

Foi avistada unha colonia de pingüíns en Catar. Esta é a noticia máis relevante dos últimos meses xa

que, a xente comezou a crear as súas propias conclusións. Algunhas como:

Os pingüíns están empezando a evolucionar




Foto sacada de google, tomada por: Duaviso Pedigri

Os pingüíns conquistarán o mundo entre outras cousas.

Os científicos cren que os pingüíns están empezando a

acostumarse a temperaturas máis altas xa que, polo quentamento global os polos empezaron a desconxelarse e algúns pingüíns nadaron cara

Climas máis cálidos.

NOTICIA

Venres, 10 DE MARZO 2023

ATAQUE DUN OSO E UN MONO NUN PARTIDO DE FÚTBOL

Hoxe venres 10 de Marzo no partido do FC Barcelona vs Real Madrid CF houbo un ataque de un oso e un mono que entraron no campo.

Debido a que se colou un oso e un mono, e era imposible sacalos do campo, tiveron que reunirse os xogadores dos dous equipos a xogar contra eles, pero aínda así o marcador acabou 73-0 a favor do oso e do mono .



Esta imaxe sacamola de google



Estas imaxes son de google

NOTICIA DE ÚLTIMA HORA

O presidente Rodrigo declara que desaparecieron os impostos en toda España

6º Primaria/Alxén

O presidente de España Rodrigo Declara nunha conferencia que desaparecieron os impostos en toda España.

Declaran a España como potencia mundial e todas as persoas de Andorra están chegando a España de xeito masivo. Bastantes están protestando por esa decisión,



Rodrigo



pero o presidente Rodrigo non quere reverter esta idea.

Agora os colexios e os médicos xa non son públicos e gratis, iso din, pero hai que pagar 100,99 euros.

As persoas prefiren levar máscara en todos lados, antes que pagar

100,99\$, e que lle dean un paracetamol. Nos colexios xa case non hai xente.

ILLOJUAN SECUESTRADO


O gran streamer IlloJuan foi secuestrado en Fuengirola, Málaga

6º Primaria/Alxén

O gran streamer Juan Alberto, máis coñecido como IlloJuan, desapareceu en Fuengirola, Málaga, aínda non se sabe se é un secuestro ou un asasinato.

Anteriormente aconteceron secuestros pola zona a subscritores de LMDSHOW e amigos cos que Juan Alberto creaba contido no seu canal de Youtube.

Os outros desaparecidos son Andrés Aguacil, Marcos Baena e Evon.



Esta é a foto do sospeitoso Guillem de Frutem

Aconteceron moitos casos en froiterías. Froitas con caras de persoas a máis agresiva e sospeitosa é a pera, chamada Guillem de Frutem. A súa orixe é descoñecida e aterradora.

Falando con María Isabel, máis coñecida como Masi, a noiva de IlloJuan: “Teño moito medo, espero que Juan Alberto estea ben, onde estará Andrés? Ando moi preocupada, e se me pasa a min?”

“Os pais de IlloJuan e os seus seguidores están moi preocupados, esperamos encontralo pronto, máis vivo que morto” Iso dixo a policía de Málaga na súa búsqueda por encontralo.